



RESOLUCIÓN DA XERENCIA DA FUNDACIÓN ROF CODINA, M.P. POLA QUE SE CONVOCA O PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA LISTA DE AGARDA PARA CONTRATACIÓNS TEMPORAIS NA CATEGORÍA DE LIMPADOR/A NO CENTRO CEBIOVET

A Fundación Rof Codina, M.P. é unha institución sen ánimo de lucro, constituída o 19 de maio de 1994 en Lugo pola Xunta de Galicia, a Deputación Provincial de Lugo, o Concello de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela.

Segundo consta no artigo 6 dos seus Estatutos, son fins da Fundación Rof Codina, M.P. o apoio permanente á docencia clínica da Facultade de Veterinaria de Lugo. Entre as actividades que desenvolve a Fundación, sinálase a colaboración coa docencia, o fomento da investigación e a prestación de servizos clínicos a propietarios de animais e gandeiros, así como a asistencia técnica aos veterinarios.

Para o cumprimento destes obxectivos, a Fundación Rof Codina, M.P. (FRC) xestiona o Hospital Veterinario Universitario Rof Codina (HVU-RC) un establecemento público no que se desenvolven parte das súas actividades e o Centro de Biomedicina e Veterinaria (CEBIOVET) no que se desenvolven accións docentes, investigadoras e formativas. Para o correcto funcionamento destes centros a Fundación é necesario contar cun servizo de limpeza.

Este servizo era realizado por empresas externas ata o día 1 de novembro de 2023, día no que se internalizou este servizo. Motivado pelas necesidades organizativas, así como por ausencias debido a incapacidades temporais ou substitucións de permisos a entidade precisa contar cunha listaxe de agarda para futuras contratacións temporais, tanto motivadas pola substitución dun/ha traballador/a como de circunstancias da produción. Dada a recente internalización a entidade non dispón dunha lista de agarda para o centro CEBIOVET na actualidade da que poder facer uso, polo que cómpre realizar unha convocatoria dun proceso selectivo para a contratación temporal por substitución de persoas traballadoras ou circunstancias da produción con carácter de urxencia.

En vista de todo o exposto e en virtude do outorgamento de poderes efectuada polo Padroado da Fundación en sesión ordinaria de 29 de setembro de 2022, o xerente da Fundación acordou con data de 18 de xuño de 2024 convocar unha lista de agarda para as posibles contratacións temporais na categoría de limpador/a no centro CEBIOVET.

Esta resolución entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación na web da Fundación.



CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS PARA DO PROCESO SELECTIVO PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTA DE AGARDA PARA CONTRATACIÓNS TEMPORAIS POR SUBSTITUCIÓN DE PERSOA TRABALLADORA OU POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN NA CATEGORÍA DE LIMPADOR NO CENTRO CEBIOVET DA FUNDACIÓN ROF CODINA, M.P.

1. OBXECTO

O obxecto da convocatoria é a regulación do procedemento para a formación dunha lista de agarda para contratacións con carácter temporal na categoría de limpador no centro CEBIOVET na Fundación Rof Codina, M.P.

As funcións a desenvolver son:

- Limpeza xeral das estancias do centro.
- Limpeza das estancias nas que se estabulan os diferentes animais do centro.
- Alimentación e manexo dos animais estabulados no centro.

Motivado polas necesidades de contratacións temporais por substitución de persoa traballadora ou por circunstancias da produción acórdase que o proceso sexa con carácter de urxencia.

O procedemento de selección para a configuración das bolsas de emprego atende aos principios de publicidade, igualdade, mérito e capacidade, seguindo un proceso de selección que garanta ditos principios.

2. CARACTERÍSTICAS DA LISTA

- A cobertura de postos con carácter temporal efectuarase a través dun sistema de lista aberta na que a orde de prelación virá dada pola puntuación obtida trala aplicación do baremo previsto.
- A lista de agarda final estará conformada polos/as 10 candidatos e candidatas con maior puntuación na valoración de méritos.
- O prazo para a apertura de novas méritos realizarase cada ano entre os días 1 e 31 de marzo polos mesmos medios que se indican nesta convocatoria e mediante a instancia correspondente que estará publicada na páxina web da Fundación (www.rofcodina.org)
- Finalizado o prazo de incorporación de novas méritos por aqueles candidatos ou candidatas que o consideren oportuno actualizarase a orde de prelación da lista de agarda.

3. NORMAS XERAIS

Este proceso de selección réxese polo disposto na Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, polo disposto no Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e, supletoriamente, polo disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (en diante, LPACAP) e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (en diante, LRXSP).

O sistema de selección será o de concurso de valoración de méritos. No que se refire ás valoracións, axustaranse ao que se especifica nesta convocatoria.

O centro de traballo das persoas que se incorporen será o centro CEBIOVET xestionado pola Fundación Rof Codina.

A relación laboral establecida cola candidato/a que resulte seleccionado/a será conforme ás seguintes condicións:

- Tipo de contrato: contrato temporal por substitución doutro traballador/a ou contrato temporal por circunstancias da produción.
- Xornada de traballo: xornada completa de luns a sábado (cos descansos obrigatorios indicados no convenio e/ou normativa laboral).
- Lugar de traballo: Centros xestionados pola Fundación Rof Codina, CEBIOVET
- Período de proba: 15 días.
- O réxime xurídico estará regulado polo Convenio colectivo de limpeza de edificios e locais de Lugo, o acordo de empresa de 21/07/2023 e a lexislación vixente

Polo feito de participar no proceso de selección, cada unha das persoas candidatas sométese ás bases da convocatoria.

4. COMISIÓN DE VALORACIÓN

A comisión de valoración estará integrada polos seguintes membros:

Presidente: Brais López Barro, técnico superior de xestión da USC.

Vogal: María Cristina Carrera González, facultativa farmacéutica do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina.

Secretaria: María Teresa Randis García, administrativa da Secretaría da Fundación Rof Codina, M.P.

En caso de vacante, ausencia ou enfermidade, designaranse suplentes.

A comisión terá como función coordinar, executar e valorar o proceso de selección, de acordo cos principios de igualdade, mérito e capacidade. A comisión actuará con independencia, confidencialidade e discrecionalidade técnica na apreciación da idoneidade das persoas



candidatas en relación cos requisitos esixidos para o desempeño do posto. Así mesmo, a comisión será a encargada de resolver todas as cuestións de interpretación que poidan xurdir na aplicación das presentes bases e no desenvolvemento do proceso selectivo. De ser o caso, a comisión poderá ser auxiliada e nomear a cantos/as asesores/as e especialistas considere oportuno para o axeitado desenvolvemento do proceso, que actuarán con voz pero sen voto para o auxilio á comisión no seu labor

Os seus membros deberán absterse de intervir, notificándoo ao/á presidente/a da mesma, cando concorran neles calquera das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros da comisión cando concorran as devanditas circunstancias, a tenor do establecido no artigo 24 da mesma lei.

A pertenza a órganos de selección será sempre a título individual e non se poderá exercer en representación ou por conta de ningún.

Logo da convocatoria da persoa que actúe como presidente/a constituirase a comisión. Na sesión de constitución a comisión acordará todas as decisións que lle correspondan para o correcto desenvolvemento do proceso.

A partir da súa constitución, a comisión, para actuar validamente, requirirá a asistencia presencial ou a distancia do presidente/a e do secretario/a, e da metade, polo menos, dos seus membros.

As comisións especializadas de selección poderá ser auxiliada e nomear cantos asesores e especialistas considere oportuno para o desenvolvemento do proceso.

5. PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA

A presente convocatoria publicarase na páxina web da Fundación Rof Codina, M.P. (www.rofcodina.org) e no Diario Oficial de Galicia.

6. SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As persoas interesadas nesta convocatoria presentarán as súas solicitudes directamente na Secretaría da Fundación Rof Codina, sita no Hospital Veterinario Universitario Rof Codina, rúa Estrada da Granxa, 51, 27002, Lugo en horario de 09:00 a 15:00 horas.

As persoas interesadas tamén poderán presentar as súas candidaturas mediante medios electrónicos presentando a documentación no enderezo de correo electrónico xestion@rofcodina.gal, toda a documentación presentarase utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante.



As candidaturas deberán cumprir os requisitos das persoas aspirantes que se indican no punto 7.

O **prazo de recepción de solicitudes será de 7 días hábiles** contados a partir do seguinte ao da publicación no Diario Oficial de Galicia.

7. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES PARA PODER SER ADMITIDAS

Os/as aspirantes deben reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter nacionalidade española. Tamén poden participar en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:
 - As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.
 - As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.
 - As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.
 - As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.
 - As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de traballadores.
 - As persoas estranxeiras con residencia legal en España
- b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitacións físicas ou psíquicas incompatibles co desempeño das correspondentes funcións do posto de traballo ao que se aspira.
- d) Non ter sido separado ou despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin encontrarse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso dos nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.



O cumprimento estrito dos requisitos será condición necesaria para a admisión dos/as candidatos/as ao proceso de selección.

8. DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR COA SOLICITUDE

As solicitudes deberán ir acompañadas da documentación que se indica:

5.1.- Modelo de Solicitud que se anexa a esta convocatoria dispoñible na web da Fundación <https://rofcodina.org/inicio-gl/> xunto coas bases da convocatoria.

5.2.- Copia do DNI, ou no seu defecto, copia do Pasaporte ou Tarxeta de Residencia.

5.3.- Documento en formato PDF do currículo vitae, destacando os méritos que se establecen como criterios de valoración e que figuran, para cada praza en concreto, no anexo da convocatoria. **Debe achegarse copia dos certificados e títulos xustificativos dos méritos alegados no currículo, incluída a experiencia laboral.** Non se computarán os méritos non xustificados.

5.4.- Acreditación do coñecemento de castelán para aspirantes estranxeiros.

5.5.- Declaración responsable na que a persoa interesada manifesta baixo a súa responsabilidade que cumpre os requisitos e que pode acreditarlos na data fin de presentación de solicitudes.

A Fundación poderá requirir a exhibición dos documentos orixinais xustificativos dos méritos e requisitos ou de copia compulsada dos mesmos.

A inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial, de calquera dato ou información na declaración así como a non presentación da documentación cando lle sexa requirida, determinará a exclusión do proceso de selección e/ou a non formalización do contrato de traballo, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que dea lugar.

9. LISTAXE DE PERSOAS ADMITIDAS

A lista de candidatos/as que cumpran os requisitos esixidos no apartado 7 das bases da convocatoria e polo tanto admitidos/as a participar no proceso de selección será informada mediante a publicación na páxina web da Fundación.

Para reparar os defectos que motivaran a exclusión ou omisión da devandita listaxe, as persoas aspirantes disporán dun prazo de dous (2) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da devandita resolución na páxina web da Fundación (www.rofcodina.org).

As persoas aspirantes que dentro do prazo establecido non corrixan a exclusión ou reclamen a omisión, xustificando o seu dereito a estar incluídas na relación de persoas admitidas, serán definitivamente excluídas.

10. SISTEMA DE SELECCIÓN E BAREMO

O procedemento de selección será o concurso de valoración méritos, ao abeiro do disposto no artigo 57.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

O procedemento de selección constará de dúas fases:

Fase I: Valoración de méritos curriculares (máximo 75 puntos):

Fase I	Puntuación máxima
CAPACITACIÓN COIDADO ANIMAIS FINS EXPERIMENTAIS Estar en posesión do certificado da función “A” (Coidado dos animais) de capacitación en materia de protección de animais utilizados, criados ou subministrados con fins de experimentación e outros fins científicos, incluíndo a docencia conforme a Orde ECC/566/2015 de 20 de marzo: 30 puntos	30
COÑECEMENTO DE LINGUA GALEGA Estar en posesión do certificado Celga ou do certificado de aptitude do curso de lingua galega, ou certificado de validación das materias de lingua galega, de acordo co previsto na Orde do 16 de xullo de 2007 modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega (Celga). I. Celga 2 ou equivalente: 1 puntos II. Celga 3 ou equivalente: 2 puntos III. Celga 4 ou equivalente: 3 puntos Acreditarase coa correspondente copia ou certificación do título.	3
FORMACIÓN COMPLEMENTARIA I. Cursos entre 1 e 30 horas: 0,60 puntos II. Cursos entre 31 e 60 horas: 1 punto III. Cursos entre 61 e 100 horas: 1,40 puntos IV. Cursos de mais de 100 horas: 2 puntos V. Curso operador carretillas de manutención norma UNE 58451/2014: 5 puntos VI. Título de Formación Profesional relacionado coa praza: 6 puntos A formación ten que ser relacionada co perfil da praza e debe acreditarse coa copia do título ou certificación correspondente. A documentación deberá conter a entidade emisora, o número de horas e o contido ou descrición do curso. Cando existan distintos niveis do mesmo curso só se valorará o de maior nivel.	11
DISCAPACIDADE I. Estar en posesión do correspondente certificado que acredite un grao de discapacidade igual ou superior ao 33% e que lle permita desenvolver as funcións requiridas: 1 puntos Acreditarase coa correspondente certificación.	1



Fase I	Puntuación máxima
EXPERIENCIA PROFESIONAL I. Por cada mes de servizo de limpeza nos centros da Fundación Rof Codina: 1 punto II. Por cada mes de coidado de animais de experimentación en centros de investigación, universidades ou organismos públicos: 1 punto III. Por cada mes de limpeza e/ou coidado de animais en explotacións agropecuarias públicas ou privadas: 0,50 puntos IV. Por cada mes de limpeza en hospitais/centros veterinarios ou sanitarios públicos ou privados: 0,50 puntos V. Por cada mes de servizo de limpeza en edificios e locais doutras institucións públicas diferentes das dos puntos anteriores: 0,40 puntos VI. Por cada mes de servizos de limpeza en edificios e locais de carácter xeral: 0,25 puntos Para a súa valoración deberá acreditarse documentalmente mediante contrato de traballo e/ou certificación da empresa (onde indique o período en número de meses, funcións e lugar onde as desenvolveu), vida laboral e/ou nóminas. Tamén se contabilizará como tempo efectivo de traballo cando a persoa candidata estivese nos seguintes supostos: redución de xornada ou excedencia por garda legal de menores de 12 anos, permiso de maternidade, embarazo de risco ou excedencias por coidado directo dun familiar. Deberase acreditar documentalmente calquera destes supostos para que sexa valorable e cuantificado en tempo efectivo de traballo.	30
Puntuación total máxima:	75 puntos

Fase II: Entrevista persoal (máximo 25 puntos)

A entrevista persoal será realizada pola comisión de valoración e aqueles/as asesores/as que se poidan nomear. A entrevista realizarase ás persoas que obtiveran as 15 mellores puntuacións na fase I.

Será individual e será valorada segundo os seguintes criterios:

- a) Coñecemento da entidade que realiza o proceso de selección.
- b) Valoración do currículo do/a aspirante coa finalidade de coñecer as competencias e habilidades do/a candidato/a e a súa adaptación ao posto de traballo
- c) Valoración da capacidade de traballo en equipo, habilidades de comunicación, iniciativa e toma de decisións

Unha vez realizada a valoración de méritos será publicada unha listaxe co día, a hora e o lugar de realización da entrevista na páxina web da Fundación Rof Codina (www.rofcodina.org). A falta de presentación das persoas candidatas no día e hora establecidos para a realización da proba, ou o abandono no transcurso da mesma, implicará a súa exclusión automática e definitiva do proceso de selección -agás por causa de forza maior debidamente xustificada, que será libremente apreciada pola comisión de valoración-, sen que se xere dereito algún ao seu favor.



As persoas candidatas deberán presentarse provistas do DNI ou documento acreditativo da súa identidade en vigor. No suposto de atoparse en situación de renovación deses documentos, as persoas aspirantes deberán achegar acreditación de estar en proceso da súa renovación.

Rematada esta última fase, determinarase a relación final das puntuacións e da persoa candidata seleccionada na páxina web da Fundación.

A persoa seleccionada deberá poñer a disposición da Fundación, se esta o requirise, os orixinais da documentación acreditativa especificadas no Currículo.

11. RESOLUCIÓN DO PROCESO

A lista de agarda derivada deste proceso estará vixente mentres non sexa substituída por outra específica ou se inclúa nunha lista xeral para listas de agarda.

De producirse empate na puntuación a orde de desempate será a seguinte sen prexuízo de aplicación conforme á lexislación vixente:

- Puntuación obtida no apartado de experiencia.
- Puntuación obtida no apartado de formación complementaria.
- Sorteo

A proposta provisional de listaxe de agarda formulada pola comisión publicarase na paxina web (www.rofcodina.org). Abranguerá a relación de persoas candidatas seleccionadas por estrita orde de puntuación final. Contra esta proposta, os/as candidatos/as poderán interpoñer reclamación motivada no prazo máximo de dous (2) días hábiles.

Rematado o prazo sinalado neste punto sen terse presentado reclamacións ou, unha vez que foron resoltas, a comisión elevará a proposta definitiva de persoas aspirantes que conforman a listaxe de espera, e publicarase na páxina web da Fundación

A entrada en vigor da listaxe de espera será ao día seguinte da súa publicación definitiva.

12. FORMACIÓN E REGULAMENTO DA LISTAXE DE ESPERA

Acórdase regular os chamamentos cos seguintes criterios:

1. Recibida solicitude escrita por parte da dirección de xestión ou no seu defecto por parte dos/as coordinadores e unha vez autorizada a mesma pola Xerencia da Fundación, o procedemento para o chamamento consistirá en realizar a proposta á persoa que lle corresponda.
2. A oferta de incorporación realizarase do seguinte xeito:
 - a. Procedemento ordinario:



- i. Telefonicamente: o primeiro contacto farase mediante chamada telefónica ou correo electrónico no caso de que o/a aspirante facilitase este medio de contacto.
 - ii. Cando non sexa posible efectuar o contacto por calquera dos medios anteriormente citados remitirase carta certificada con acuse de recibo.
 - iii. Recibido o resgardo de aviso, sen ter resposta, procederase a chamar ao/a seguinte aspirante.
 - iv. Efectuado o chamamento o candidato/a terá un prazo de 48 horas para comunicar a súa aceptación ou renuncia. Transcorrido o prazo sen comunicación por parte do aspirante realizarase chamamento ao seguinte da listaxe.
 - b. Procedemento de urxencia: utilizarase para cubrir aqueles postos que por circunstanciais especiais non sexan susceptibles da espera necesaria prevista para o procedemento ordinario.
 - i. O medio utilizado será: chamada telefónica, no caso de que o/a aspirante facilitase este medio de contacto, procedéndose no mesmo día a contactar coa seguinte persoa aspirante se non se tivera resposta do/a anterior.
 - ii. Nos supostos de chamada telefónica a xerencia ou responsable da área fará constar mediante dilixencia a realización das mesmas e se tiveron ou non resposta.
3. Os/As candidatos/as aos/ás que se lles realice un chamamento e renuncien sen causa xustificada pasarán para o final da listaxe de espera. Cando se efectúe o terceiro chamamento e sen causa xustificativa renuncien á incorporación, causarán baixa na listaxe tal e como recolle o punto 1 do procedemento para regular as causas de baixa da mesma.

O procedemento para regular as causas de baixa na listaxe e as causas xustificadas de permanencia terá os seguintes criterios:

1. Causas de baixa na listaxe
 - a. Renuncia á incorporación sen causa xustificativa cando se efectúe o terceiro chamamento pola Fundación use e sexa rexeitado.
 - b. A non comparecencia ao acto de sinatura do contrato ou da incorporación na data indicada sen causa xustificada e despois de ter aceptado o chamamento.
 - c. Petición de baixa voluntaria na entidade durante o período no que o integrante da lista estivese contratado/a ou en calquera outro período de forma voluntaria e sen causa xustificada e motivada.
 - d. A non superación do período de proba.
2. Causas xustificables de permanencia na lista:



Coa finalidade de garantir a permanencia na lista daquelas persoas que se atopen en determinadas situacións, admitirase a renuncia ao chamamento sempre que se xustifique de forma suficiente, nos seguintes supostos:

- a. Enfermidade, embarazo, maternidade, paternidade ou adopción legal ou enfermidade grave dun familiar directo.
- b. Exercicio de representación sindical ou designación para cargo público.
- c. Permisos ou licencias por matrimonio.
- d. Permisos ou licencias por falecemento de familiar ata o segundo grado de consanguinidade ou afinidade.
- e. Conciliación familiar por coidade de menores ou coidado directo de maiores dependentes.
- f. Ter contrato en vigor.

Os/as aspirantes afectados por estes supostos quedarán suspendidos temporalmente da lista. Cando as causas que motivaron a renuncia teñan remitido, o/a interesado/a deberá comunicalo por escrito á Xerencia da Fundación para ser incluído novamente no posto no que estaba.

Os/as aspirantes poden por iniciativa propia solicitar a suspensión dos chamamentos comunicándoo a Fundación.

13. ACTUALIZACIÓN DE MÉRITOS

A actualización de méritos efectuarase anualmente dispoñendo os/as interesados/as o mes de marzo para achegar mediante solicitude á Fundación Rof Codina aquela documentación que consideren susceptible de valoración para a actualización dos mesmos. Finalizado o prazo publicarase a lista de agarda actualizada, dispoñendo os membros da lista de agarda dun prazo de dez (10) día hábiles para a súa reclamación en caso de desconformidade na valoración.

14. DISPOSICIÓNS FINAIS

A Fundación Rof Codina resérvase o dereito a realizar as xestións que considere oportunas para comprobar a veracidade e autenticidade da documentación xustificativa dos requisitos, así como de calquera outra, achegada polo/a aspirante seleccionado/a con carácter previo á formalización do contrato. Calquera anomalía ou irregularidade detectada levará consigo a exclusión automática e definitiva do proceso selectivo, da relación de candidatos/as seleccionados/as e da lista de agarda, no seu caso, sen que se xere ningún tipo de dereito ao seu favor.

Durante o desenvolvemento do proceso, a comisión de valoración poderá realizar calquera comunicación aos/as candidatos/as por escrito ou telefonicamente, en base aos datos de



ROF CODINA
FUNDACIÓN

"localización" indicados na solicitude; por este motivo, as persoas interesadas comprométese a manter actualizados ditos datos durante o proceso de selección, comunicando con suficiente antelación calquera variación destes.

Con carácter previo á formalización do contrato de traballo, a Fundación Rof Codina requirirá a achega de todos os documentos que se consideren esixibles e que non foran entregados durante o proceso de selección.

A Fundación Rof Codina garante a absoluta confidencialidade de todos os datos derivados do proceso selectivo que afecten as/os candidatos/as; así mesmo, se garante a protección dos datos de carácter persoal, en cumprimento do REGULAMENTO (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e á Lei Orgánica 3/2018 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais no que resulten de aplicación.

En Lugo na data da sinatura dixital.
O xerente da Fundación Rof Codina, M.P.